

ABAU - CONVOCATORIA ORDINARIA

Ano 2020

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS II (Código 20)

Só puntúan cinco das oito preguntas.

As puntuacións parciais que seguen están ligadas a un determinado xeito de resolver os exercicios, e pode haber outras formas correctas de solucionarlos.

1. Números e Álgebra (2 puntos)

- a) 1 punto: 0.25 puntos polo cálculo de A , 0.25 puntos polo cálculo de B e 0.5 puntos polo cálculo de $A^2 - B^2$.
- b) 1 punto: 0.5 puntos por despegar X e calcular a inversa que naturalmente xurde e 0.5 puntos polo cálculo final de X .

2. Números e Álgebra (2 puntos): 0.5 puntos por chegar a que os valores críticos son $m = \pm 1$ e 0.5 puntos polo estudo de cada un dos tres casos que se presentan.

3. Análise (2 puntos)

- a) 1 punto: 0.5 puntos por cada unha das dúas veces que se aplica a regra de L'Hôpital.
- b) 1 punto: 0.5 puntos por determinar os intervalos nos que a derivada ten signo constante e 0.5 puntos por encontrar o mínimo.

4. Análise (2 puntos)

- a) 1 punto: 0.5 puntos polo estudo da continuidade e 0.5 puntos polo estudo da derivabilidade.
- b) 1 punto: 0.5 puntos polo cálculo da primitiva e 0.5 puntos polo cálculo do valor da integral definida.

5. Xeometría (2 puntos)

- a) 1 punto: 0.5 puntos polos elementos que determinan o plano e 0.5 puntos por dar a ecuación pedida.
- b) 1 punto: 0.5 puntos polos elementos que determinan a recta e 0.5 puntos por dar a ecuación pedida.

6. Xeometría (2 puntos): 1 punto pola posición relativa e 1 punto polo punto de corte.

7. Estatística e Probabilidade (2 puntos): se M é “tomar o medicamento” e C é “curarse”, 1 punto por chegar a $P(\overline{M \cap C})$ e 1 punto polo cálculo final.

8. Estatística e Probabilidade (2 puntos): 1 punto por chegar a $P(Z \leq 1.5) - P(Z \leq -1)$ e 1 punto polo resto do exercicio.